

O presidente da Cámara satisfeito pola decisión do Tribunal da UE de suspender a aplicación do decreto do carbón

Ferrol. 04/11/2010. O presidente da Cámara de Comercio de Ferrol, Juan Gato, amosou a súa satisfacción pola decisión do Tribunal de Luxemburgo de aplicar medidas provisionais contra a decisión da Comisión Europea de autorizar compensacións polo uso de carbón autóctono.

Para o presidente da Cámara, o auto do tribunal europeo pon en tela de xuízo a equidade da actuación do Ministerio de Industria que buscando evitar o colapso da minería e tratando de manter o emprego do sector en determinadas comunidades autónomas prexudica gravemente á comarca de Ferrol e ao seu tecido económico, xa moi castigado por anteriores decisións políticas.

Juan Gato considera que esta suspensión reforza os argumentos esgrimidos polas institucións, entidades e colectivos que están a mobilizarse en contra dun decreto que lesiona os intereses das centrais térmicas galegas e a súa actividade auxiliar, especialmente do sector do transporte terrestre e marítimo asociado ao tráfico de carbón.

Opina, asemade, que tamén queda en cuestión a actuación do comisario de Competencia, Joaquín Almunia, quen forzou que a Comisión dese luz verde a unha regulación incongruente e incompatible co marco comunitario xa que incrementa os custos do sistema eléctrico, atenta contra o libre mercado e supón un retroceso no cumprimento dos obxectivos de eficiencia enerxética e de redución de emisións contaminantes.

